

# PROGRAMA FEBREIRO-MARZO 2012

DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE E VOLUNTARIADO

# TABOLEIRO XOVE



xuventude.net

Teléfono Xove

012

www.xuventude.net

galicia



## PLAN DE FORMACIÓN 2012

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado diseña un Plan de Formación para o ano 2012 de **127 cursos** con máis de **50 temáticas distintas**, intentando responder ás demandas dos informadores xuvenís, técnicos de xuventude, monitores e directores de tempo libre, membros de asociacións de voluntariado e mozos/as galegos/as en xeral.

No Plan de Formación deste ano inclúense tamén **máis de 100 xornadas e obradoiros** que poden solicitar os concellos galegos, e que serán impartidos polo equipo de dinamizadores do Proxecto de dinamización xuvenil que ten a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

## FOROS DE PARTICIPACIÓN XUVENIL: "LIDERA A TÚA IDEA"

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado (DXXeV), a través do programa Participa da Rede de Dinamización e Animación Xuvenil, vai desenvolver en once puntos da nosa xeografía foros "**Lidera a túa idea**" para promover entre a mocidade actividades de aprendizaxe non formal que lles permita desenvolver as súas capacidades, creatividade e espírito emprendedor involucrándose na posta en marcha dos seus propios proxectos.



### Módulo I:

**VIVE O MAR**, dirixido ao alumnado de 12 a 16 anos e que estea cursando ESO. Aloxamento: Albergue Xuvenil das Sinas, do 8 de marzo ao 24 de abril). 327 prazas.

Actividades: Visita ao porto pesqueiro de Corón, á cetaria de mariscos e a unha fábrica de elaboración de conservas; saída ao porto pesqueiro de Vilanova e á lonxa; bioloxía mariña; obradoiros do mar; seráns e actividades complementarias....

### Módulo II:

**MULTIAVENTURA DE CINE**, dirixido ao alumnado de 14 a 17 anos que curse 3.º e 4.º da ESO, 1.º de bacharelato ou 1.º ciclo de grao medio. Aloxamento: Residencia Xuvenil LUG 2, do 7 de marzo ao 1 de xuño. Prazas: 264

Actividades: Realización dunha curtametraxe documental; actividades de tempo de lecer relacionadas co deporte de montaña (escalada en rocha, btt, sendeirismo, carreira de orientación con GPS); actividades complementarias.

### Módulo III:

**CAMIÑO A DURBAN**, dirixido ao alumnado de 14 a 17 anos que curse 3.º e 4.º da ESO, 1.º de bacharelato ou 1.º ciclo de grao medio. Aloxamento: Albergue Xuvenil de Gandarío, do 12 de marzo ao 9 de maio. 288 prazas.

Actividades: Xogo de rol (aventura educativa onde representarán os distintos bloques de países, ao modo da recente conferencia de Durban); actividades vivenciais tanto dentro do albergue como con saídas exteriores aos contornos naturais.

Total prazas: 879. O programa desenvólvese de marzo a xuño de 2012.

A inscrición realizarase na modalidade en liña, dende a páxina web da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado: [www.xuventude.net](http://www.xuventude.net)

## XUVENTUDE CREA

Certame galego de creadores novos que pretende facilitar vías polas que poida manifestarse a actividade e inxerencia artística individual e colectiva da xuventude galega, nas especialidades de banda deseñada, relato breve, poesía, música, teatro, deseño de xoias, carteis, artes plásticas, videocreación e graffiti.



Programa da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado que consiste en saídas de fin de semana co obxectivo de ofertar á xuventude novas experiencias e alternativas para o tempo libre, así como a transmisión e coñecemento de valores como a convivencia, a cooperación, o compañeirismo, entre outros, favorecendo as relacións interpersoais e a creación dun bo ambiente grupal que lle permita acceder a un tempo libre de calidade.



## EMPLEA TALENTO



Espazo aberto para a empregabilidade de mozos e mozas e para a creación de oportunidades a través de intercambios de talento e ideas, un espazo de información e formación en habilidades. Os obxectivos de Emplea talento son poñer en contacto a mocidade coa realidade empresarial actual, achegar e dar a coñecer as demandas das empresas á hora de iniciar procesos de selección dos seus profesionais e futuros directivos, ofrecer aos mozos e mozas unha vía alternativa para detectar oportunidades laborais, promover o intercambio de ideas e a colaboración entre mozos e os directivos.



iniciativa xove


Liña de axudas para o desenvolvemento de proxectos e iniciativas xuvenís por parte de grupos informais de mozos e mozas, asociacións xuvenís e entidades prestadoras de servizos á mocidade e as súas federacións.

Máis información en:

[www.xuventude.net](http://www.xuventude.net)



Concurso de música no que os 16 grupos seleccionados actuarán o 12 de maio na Sala Túnel do Coliseum. Mediante autovotación entre os propios grupos de música, dous grupos actuarán como teloneiros de Leiva.



XUNTA DE GALICIA